

ESTATUTOS DA AGRUPACIÓN DA

AVOGACÍA NOVA VIGUESA

SUMARIO

TÍTULO I.	3
ARTIGO 1.- DENOMINACIÓN E OBXECTO.	3
ARTIGO 2.- FINS.....	3
TITULO II MEMBROS DA AGRUPACIÓN.	3
ARTIGO 3.- MEMBROS DA AGRUPACIÓN.....	3
ARTIGO 4.- DENEGACIÓN DA SOLICITUDE DE ADMISIÓN.....	4
ARTIGO 5.- PARTICIPACIÓN DOS MEMBROS	4
ARTIGO 6.- PERDA DA CONDICIÓN DE MEMBRO.....	5
ARTIGO 7.- PROCEDIMENTO DE DENEGACIÓN DE INCORPORACIÓN E SEPARACIÓN DE MEMBROS	5
TÍTULO III ESTRUTURA E FUNCIONAMENTO	5
ARTIGO 8.- ÓRGANOS REITORES.....	6
ARTIGO 9.- ASEMBLEA XERAL	6
ARTIGO 10.- PERIODICIDADE DA ASEMBLEA XERAL E ORDE DO DÍA.....	6
ARTIGO 11.- CONVOCATORIA.....	7
ARTIGO 12.- ACTAS	8
ARTIGO 13.- PRESIDENCIA DA ASEMBLEA XERAL	8
ARTIGO 14.- CONSTITUCIÓN DA ASEMBLEA XERAL	8

ARTIGO 15.- MAIORÍA EN ASEMBLEA XERAL	8
ARTIGO 16.- REPRESENTACIÓN EN ASEMBLEA XERAL.....	9
ARTIGO 17.- XUNTA COORDINADORA.....	9
ARTIGO 18.- PERDA DA CONDICIÓN DE MEMBRO DA XUNTA COORDINADORA.	9
ARTIGO 19.- FUNCIÓN XUNTA COORDINADORA	10
ARTIGO 20.- ACORDOS DA XUNTA COORDINADORA.....	10
ARTIGO 21.- GRUPOS DE TRABALLO.	11
TITULO IV ELECCIÓNNS.....	11
ARTIGO 22.- ELECTORES.	11
ARTIGO 23.-DURACIÓN DEL MANDATO.	12
ARTIGO 24.-TEMPO DAS ELECCIÓNNS.....	12
ARTIGO 25.- ANUNCIO DE LAS ELECCIÓNNS.....	13
ARTIGO 26.- RECLAMACIÓNNS CONTRA A LISTA DE ELECTORES	13
ARTIGO 27.- CONVOCATORIA.	13
ARTIGO 28.- VOTO POR CORREO.....	14
ARTIGO 29.- CANDIDATURAS.....	14
ARTIGO 30.- PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS.	15
ARTIGO 31.- DESENROLLO DESENVOLVEMENTO DA VOTACIÓN.....	15
ARTIGO 32.-VOTANTES	16
ARTIGO 33.-ESCRUTINIO.	16
ARTIGO 34.-TOMA DE POSESIÓN.	16
TÍTULO V.- DISPOSICIÓNNS XERAIS.....	17
ARTIGO 35.- FINANCIACIÓN	17
ARTIGO 36.- MODIFICACIÓN ESTATUTARIA	17
ARTIGO 37.- FACULTADE REGULAMENTARIA.....	17
ARTIGO 38.- REMISIÓN NORMATIVA	17

TÍTULO I.

ARTIGO 1.- DENOMINACIÓN E OBXECTO.

A Agrupación da Avogacía Nova Viguesa –en adiante, a Agrupación- estará integrada no Ilustre Colexio da Avogacía de Vigo, áñda que con órganos e fins propios, sen ánimo de lucro e co mesmo domicilio social, tendo duración por tempo indefinido.

ARTIGO 2.- FINS

A Agrupación terá fundamentalmente os seguintes fins:

- a) Estudar os problemas da avogacía nova e promover solucións ós mesmos.
- b) Impulsar a formación xurídica dos seus membros.
- c) Fomentar a participación dos membros na vida colexial.
- d) Colaborar cós órganos de Goberno do Ilustre Colexio da Avogacía de Vigo, e participar na vida corporativa.
- e) Manter contactos coas organizacións de avogados novos nacionais e internacionais, colaborando con elas nas tarefas de interese común.
- f) A defensa e promoción dos dereitos fundamentais e das liberdades.
- g) Impulsar a acción social.
- h) Realizar cantas tarefas sexan necesarias para o cumprimento dos seus fins.

TITULO II MEMBROS DA AGRUPACIÓN.

ARTIGO 3.- MEMBROS DA AGRUPACIÓN.

A Agrupación estará conformada polos seus membros.

Os membros da Agrupación deberán cumplir as seguintes requisitos:

- a. Estar colexiados ou colexiadas no ó Ilustre Colexio da Avogacía de Vigo,
- b. Ter menos de corenta anos, ou menos de dez anos ininterrompidos de colexiación. Para o cómputo dos anos de colexiación teranse en conta os períodos de

colexiación tanto no Ilustre Colexio da Avogacía de Vigo como en calquera outro Colexio de Avogados de España.

c. Efectuar a oportuna solicitude de admisión á Xunta Coordinadora da Agrupación e ser admitido/a por esta.

ARTIGO 4.- DENEGACIÓN DA SOLICITUDE DE ADMISIÓN

O acordo que denegue a admisión na Agrupación poderá ser recorrido ante a Asemblea Xeral do mesmo.

Para recorrer a denegación o recurrente deberá comunicar o recurso á Xunta Coordinadora nun prazo máximo de 30 días naturais a partir da notificación do acordo denegatorio. O devandito recurso deberá incluirse na orde do día da seguinte Asemblea Xeral, sempre que se presente dentro dos prazos sinalados no artigo 11.

A resolución que se dite poderá ser recorrida en alzada ante a Xunta de Goberno do Ilustre Colexio da Avogacía de Vigo, dentro do prazo de quince días hábiles, a partir da data de notificación ó interesado ou interesada da resolución denegatoria. A resolución ditada pola Xunta de Goberno no recurso de alzada terá carácter definitivo.

A condición de membro da Agrupación será incompatible con toda conducta contraria á dignidade profesional e coas actividades que prexudiquen ós intereses da Agrupación.

ARTIGO 5.- PARTICIPACIÓN DOS MEMBROS

Os membros da Agrupación deberán participar activamente nas tarefas desta, achegando a súa colaboración persoal e contribuíndo coas cotas ou achegas que estableza, no seu caso, a Asemblea Xeral da mesma.

Tódolos membros da Agrupación terán dereito de voto tanto nas Asembleas Xerais, ordinarias ou extraordinarias, nos grupos de traballo nos que participen, así como en calquera outra actividade da Agrupación.

ARTIGO 6.- PERDA DA CONDICIÓN DE MEMBRO

Perderase a condición de membro polas seguintes circunstancias:

- a. Alcanzar a idade e/ou os anos de colexiación fixados como límite para a incorporación á Agrupación.
- b. Causar baixa como avogado ou avogada no Ilustre Colexio da Avogacía de Vigo.
- c. A baixa voluntaria da Agrupación.
- d. A separación da Agrupación acordada pola Asemblea Xeral, en expediente disciplinario instruído para o tal efecto. A resolución que acorde a separación poderá igualmente ser recorrida en alzada ante a Xunta de Goberno do Ilustre Colexio da Avogacía de Vigo, na forma establecida no artigo 4.

ARTIGO 7.- PROCEDIMENTO DE DENEGACIÓN DE INCORPORACIÓN E SEPARACIÓN DE MEMBROS

O acordo denegatorio de incorporación, así como o de separación dun membro da Agrupación, será adoptado pola Asemblea Xeral requiríndose para iso que estean presentes ou representados o 20% dos membros e adoptándose o acordo co voto favorable dos 2/3 dos membros presentes ou representados na Xunta, previa audiencia do/a interesado/a pola Asemblea Xeral. Se non se alcanzase o quórum establecido a denegación de incorporación ou a separación de membros debaterase na Asemblea Xeral inmediatamente seguinte, sen necesidade de asistencia mínima e por maioria simple dos membros presentes ou representados.

A solicitude de separación dun membro da Agrupación poderá ser instada pola Xunta Coordinadora ou polo 20% dos membros da Agrupación, a cal deberá realizarse en escrito razoado que deberá ser ratificado ante a Asemblea Xeral.

TÍTULO III ESTRUTURA E FUNCIONAMENTO

ARTIGO 8.- ÓRGANOS REITORES

A Agrupación estará rexida pola Asemblea Xeral e pola Xunta Coordinada.

Ademais a Agrupación, a proposta da Xunta Coordinadora, mediante a Asemblea Xeral, constituirá os grupos de traballo que considere necesarios para organizar e realizar as súas actividades.

ARTIGO 9.- ASEMBLEA XERAL

A Asemblea Xeral é o órgano soberano da Agrupación, na que poderán participar todos os seus membros con voz e voto sen máis limitacións que as establecidas nestes estatutos.

Poderán asistir igualmente, con voz pero sen voto, aquelas persoas ás que convide á Xunta Coordinadora instancia propia ou a instancia do 10% dos membros da Agrupación.

ARTIGO 10.- PERIODICIDADE DA ASEMBLEA XERAL E ORDE DO DÍA

A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario un mínimo de 2 veces ó ano.

O prazo mínimo entre unha Asemblea e a seguinte será dun mes e o máximo de 6 meses.

Dentro da orde do día para a súa celebración incluiranse obligatoriamente os seguintes puntos:

- a) Lectura e aprobación da acta da Asemblea anterior.
- b) Benvida dos novos membros da Agrupación.
- c) Resumo do feito pola Xunta Coordinadora e os grupos de traballo.
- d) Rogos e preguntas.
- e) Fixar a data da seguinte Asemblea.

Ademais na primeira Asemblea do ano deberá incluírse no orde do día un resumo do labor efectuado pola Agrupación durante o ano natural anterior. E na derradeira, os obxectivos para o ano seguinte.

Non poderán ser obxecto de votación pola Asemblea Xeral aquelas cuestións que non constasen previamente na orde do día, sen prexuízo de que, se pola Asemblea Xeral se acorda tratar temas novos, estes poidan ser discutidos, finalizados os da orde do día. O devandito acordo adoptarase por maioría simple.

ARTIGO 11.- CONVOCATORIA.

A) Asemblea ordinaria:

- A primeira convocatoria e proposta de orde do día farase cunha antelación mínima de 15 días á data da Asemblea. Esta primeira convocatoria faraa a Xunta Coordinadora mediante un correo electrónico aos membros.
- Tódolos membros terán un prazo de 5 días dende a notificación da convocatoria para enviar un correo electrónico á Xunta Coordinadora e proporlle á Xunta que inclúa puntos a tratar na Orde do Día. Esta proposta farase dun xeito claro e conciso; e se precisa maior desenvolvemento, achegaranse documentos.
- Esgotado este prazo de 5 días, e cunha antelación mínima de 7 días, a Xunta Coordinadora fará unha segunda convocatoria, por idénticos medios, na que se determinará:
 - Lugar e hora da Asemblea
 - A orde do día detallada e temporizada (coas súas posibles achegas)
 - As razóns polas cales se desbota unha proposta feita por un membro.

B) Asemblea extraordinaria:

A Asemblea Xeral celebrarase en sesión extraordinaria sempre que sexa convocada con tal carácter pola Xunta Coordinadora ou cando esta o faga a pedimento do 10% dos membros da Agrupación, que incluirá os puntos que han de constituir a orde do día. En tal caso haberá de celebrarse a Asemblea solicitada no prazo máximo de quince días Farase enviando un correo electrónico á conta da Xunta Coordinadora. Neste correo deberá constar a firma de, como mínimo, o 10 % dos membros.

A Xunta Coordinadora acordará a inclusión dos temas sempre que se teñan solicitado con quince días de antelación á data prevista para a celebración da Asemblea Xeral.

ARTIGO 12.- ACTAS

De todas as sesións da Asemblea Xeral levantarase o acta correspondente que se transcribirá no rexistro para os efectos, unha vez aprobadas pola Asemblea Xeral.

Nun prazo máximo de 15 días, un primeiro borrador de acta deberá ser comunicado ós membros da Agrupación dándose un prazo de 7 días para que calquera asistente a Asemblea poida propor as súas emendas mandando un correo electrónico á Xunta Coordinadora.

O borrador e as emendas serán sometidas a aprobación na seguinte Asemblea.

As actas serán firmadas polo Presidente e o Secretario da Xunta Coordinadora.

ARTIGO 13.- PRESIDENCIA DA ASEMBLEA XERAL

A Asemblea Xeral será presidida polo Presidente ou Presidenta da Xunta Coordinadora ou por calquera outro membro da mesma no que a Xunta teña delegado, actuando como secretario ou secretaria quen o sexa da Xunta Coordinadora.

ARTIGO 14.- CONSTITUCIÓN DA ASEMBLEA XERAL

A Asemblea Xeral quedará validamente constituída calquera que sexa o número de asistentes sen prexuízo do disposto nos artigos que sinalan un quórum especial.

ARTIGO 15.- MAIORÍA EN ASEMBLEA XERAL

As decisións serán tomadas por maioría simple salvo o disposto nestes estatutos e vincularán á totalidade dos membros unha vez adoptadas, teñan ou non asistido á Asemblea.

ARTIGO 16.- REPRESENTACIÓN EN ASEMBLEA XERAL

Os membros poderán ser representados na Asemblea por outro membro da Agrupación sempre mediante escrito acreditativo que portara o representante na Asemblea. Dita representación deberá comunicarse a Xunta Coordinadora por correo electrónico antes de comezar a Asemblea.

ARTIGO 17.- XUNTA COORDINADORA

A Xunta Coordinadora é o órgano executivo da Agrupación. Como tal someterase ás directrices que sinale a Asemblea Xeral e haberá de cumprimentar os seus acordos.

A Xunta Coordinadora estará composta por cinco membros: Presidente/a, Vicepresidente/a-Tesoureiro/a, Secretario/a e dous Vocais. Os compoñentes da Xunta Coordinadora distribuiranse as funcións que se determinen de acordo co seu cargo, podendo actuar por delegación da propia Xunta.

ARTIGO 18.- PERDA DA CONDICIÓN DE MEMBRO DA XUNTA COORDINADORA

A condición de membro da Xunta Coordinadora perderase polo incumprimento dos requisitos establecidos para ser membro da Agrupación establecidos no artigo 4 e por calquera dos motivos descritos no artigo 6. Os membros da Xunta Coordinadora poderán dimitir do seu cargo mediante comunicación por correo electrónico á Xunta, cun preaviso de quince días naturais. A perda da condición de membro da Xunta Coordinadora non supón a perda de condición de membro, salvo que así se acordase no acordo alcanzado ola Asemblea Xeral.

A Asemblea Xeral poderá remover dos seus cargos á totalidade ou a unha parte da Xunta Coordinadora en calquera momento do seu mandato. A devandita resolución deberá ser adoptada cos requisitos sinalados no artigo 7.

Unha vez se produza a perda de condición de membro a Xunta Coordinadora iniciará os trámites electorais para cubrir o posto vacante polo tempo que restase de mandato.

ARTIGO 19.- FUNCIONES XUNTA COORDINADORA

A súa función principal será supervisar e fomentar actividades dos grupos de traballo e coordinar, cando sexa necesario, actividades nas que participen mais dun grupo de traballo.

Outras funcións de la Xunta Coordinadora serán:

- a) Resolver sobre a admisión dos membros da Agrupación.
- b) Convocar eleccións para prover os cargos de la da Xunta Coordinadora, dispoñendo o necesario para a súa elección, conforme a las normas legais y estatutarias
- c) Convocar Asembleas Xerais ordinarias e extraordinarias.
- d) A xestión das comunicacións, relacións e colaboracións da Agrupación con outros entes estatutarios, administrativos, públicos e/ou privados. Os membros e os grupos de traballo que desexen realizar calquera comunicación, relación ou colaboración con algún destes entes, sempre que implique de calquera xeito á Agrupación, deberán comunicalo previamente á Xunta Coordinadora para que emita a súa aprobación ou o someta á Asemblea nos casos que o considere preciso.
- e) A xestión das comunicacións e as relacións da Agrupación cos medios de información. Os membros e os grupos de traballo que desexen realizar calquera comunicación ou relación cos medios de información que impliquen de calquera xeito á Agrupación deberán comunicalo previamente á Xunta Coordinadora para que emita a súa aprobación ou o someta á Asemblea nos casos que o considere preciso.
- f) Calquera outra función que lle outorgue a Asemblea Xeral.

ARTIGO 20.- ACORDOS DA XUNTA COORDINADORA

A Xunta Coordinadora tomará os seus acordos por maioría simple dos seus membros, baixo convocatoria do seu presidente/a e recolléndose os acordos adoptados

no rexistro de actas. A Xunta celebrará, polo menos, unha reunión mensual para tratar estes asuntos e sempre que o solicite calquera membro da mesma.

ARTIGO 21.- GRUPOS DE TRABALLO.

A decisión de crear grupos de traballo corresponde en exclusiva a Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Coordinadora

Nos grupos de traballo poderán participar tódolos membros da Agrupación. O único requisito para participar será comunicar por correo electrónico á Xunta Coordinadora a súa intención de participar para que esta proceda a inscrición censal e realice os trámites de incorporación do membro ó grupo de traballo.

En tódolos grupos de traballo haberá un membro da Xunta e un coordinador. O coordinador elixirase por maioría entre os membros inscritos no grupo de traballo.

O coordinador será o encargado de convocar as reunións do grupo de traballo, levantar as actas das reunións e facer o resumo do feito nas Asembleas Xerais. En caso de non poder facer algúns das súas funcións, deberá nomear un substituto e comunicarollo á Xunta Coordinadora.

A duración do posto de coordinador, así como a súa estrutura e funcionamento será decisión do grupo de traballo.

Os grupos de traballo, en relación as actividades para as que foron creados, terán capacidade decisoria sobre as actividades a realizar, coa única obriga de comunicarlla a Xunta Coordinadora, que llo trasladará á Asemblea Xeral, que poderá solicitar o cese da actividade en caso de non estar de acordo.

TITULO IV ELECCIÓNNS.

ARTIGO 22.- ELECTORES.

Todos os membros da Agrupación poderán ser electores e candidatos para os cargos da Xunta Coordinadora e únicamente candidatos para os devanditos cargos, os avogados en exercicio.

As candidaturas haberán de ser presentadas por correo electrónico a Xunta Coordinadora da Agrupación quince días antes da data da elección.

ARTIGO 23.-DURACIÓN DEL MANDATO.

O mandato dos membros da Xunta Coordinadora será de dous anos e porán ser reelexidos.

Ningún membro da Agrupación poderá formar parte da Xunta Coordinadora durante más de dous mandatos, independentemente dos postos que ocupase na Xunta Coordinadora.

No caso de que se producise o cese, dimisión ou baixa dun membro da Xunta Coordinadora durante o seu mandato, esta convocará eleccións para suplir o posto ou postos vacantes. A duración do mandato do membro ou membros que cubran as prazas vacantes será a que restase por cumplir ó anterior membro. Unha vez finalizado o mandato, estes membros poderán ser reelexidos sen que o período de mandato cumprido compute ós efectos do límite máximo de mandatos

A elección para cubrir as vacantes efectuarase en Asemblea Xeral, tanto ordinaria como extraordinaria, a cal elixirá mediante voto secreto ós membros de entre os candidatos a cada cargo e que serán os que obteñan maior número de votos. Os empates serán resoltos mediante nova votación na que participarán os dous candidatos con maior número de votos. De persistir o empate, resolverase por azar, mediante o lanzamento dunha moeda ó aire, a cara ou cruz.

ARTIGO 24.-TEMPO DAS ELECCIÓNNS.

As eleccións para cubrir os cargos vacantes da Xunta Coordinadora terán lugar dentro do último trimestre do ano. No caso de que se produzcan vacantes nalgún dos cargos da Xunta Coordinadora por cese, dimisión ou baixa dos seus membros, os restantes membros da Xunta Coordinadora poderán celebrar o proceso electoral noutro período do ano se o considerasen oportuno ou fose esixido por maioría simple da Asemblea Xeral.

As eleccións convocaranse dentro do orde do día da Asemblea Xeral anterior a data das eleccións ou como acto separado de ela. En caso de non estar prevista ningunha Asemblea Xeral Ordinaria, convocarase una Asemblea Xeral Extraordinaria, cuxo único punto do día será a convocatoria de eleccións.

ARTIGO 25.- ANUNCIO DE LAS ELECCIONES.

A convocatoria anunciarase con trinta días naturais de antelación como mínimo a data de celebración das eleccións.

Dentro dos cinco días naturais seguintes á data da convocatoria a Xunta Coordinadora cumprimentará os seguintes particulares:

- a) Publicará no taboleiro de anuncios do colexio e na páxina web da Agrupación a convocatoria electoral.
- b) Notificarase por correo electrónico a tódolos membros da Agrupación o censo electoral.

ARTIGO 26.- RECLAMACIÓN CONTRA A LISTA DE ELECTORES.

Os membros da Agrupación poderán formular por correo electrónico ante a Xunta Coordinadora reclamación contra a lista de electores dentro dos cinco días naturais seguintes a súa comunicación

A Xunta resolverá tódalas reclamacións dentro dos tres días naturais seguintes á expiración do prazo para formulalas, notificándose a súa resolución a cada reclamante dentro dos dous días naturais seguintes.

ARTIGO 27.- CONVOCATORIA.

Na convocatoria deberán constar os seguintes extremos

- a) Cargos que han de ser obxecto de elección.
- b) Día, hora de inicio e de fin e lugar da celebración das eleccións

ARTIGO 28.- VOTO POR CORREO.

O voto por correo poderá ser exercido por todos os membros, segundo o seguinte procedemento:

1. Os membros que desexen votar por correo deberán comunicalo por correo electrónico a Xunta Coordinadora dentro dos 15 días naturais seguintes á convocatoria electoral. A elección polo voto por correo exclúe o voto presencial e non pode ser modificada con posterioridade.
2. A Xunta Coordinadora elaborará un listado cos membros que manifestasen a súa intención de votar por correo a efectos de eventuais comprobacións censales.
3. Os membros voten por correo deberán indicar por escrito o nome dos candidatos ós que votan. Este escrito introducirase nun sobre en branco, sen ningún dato identificativo, para garantir o anonimato.
4. O sobre co voto introducirase dentro dun sobre dirixido ó Ilustre Colexio da Avogacía de Vigo, indicando no seu exterior que vai dirixido ó proceso electoral da Agrupación. Neste sobre os membros deben indicar os seus datos no remite.
5. So serán tidos en conta os votos por correo recibidos na sede do Ilustre Colexio de Avogados de Vigo ata o día antes das eleccións, incluído.
6. Ó inicio do día das eleccións, os membros da mesa electoral recollerán os votos por correo, abrirán os sobres e introducirán o sobre co voto pechado na urna antes da introdución do resto dos votos. No reconto das votacións procederase á apertura dos votos por correo que se encontren na urna.

ARTIGO 29.- CANDIDATURAS.

As candidaturas deberán presentarse por correo electrónico á Xunta Coordinadora con, polo menos, quince días naturais de antelación á data sinalada para o acto electoral.

Ditas candidaturas porán ser convocadas para varios cargos, ou individuais para cargos determinados, debendo ser suscritas exclusivamente por los propios candidatos. Ningún membro podrá presentarse candidato a más dun cargo.

ARTIGO 30.- PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS.

A Xunta Coordinadora, ó día seguinte da finalización do prazo de presentación de candidaturas, proclamará candidato a quen reúna os requisitos establecidos, considerando electos os que no teñan oponentes.

Seguidamente a Xunta Coordinadora publicará os candidatos, e no seu caso os electos, no taboleiro de anuncios do Ilustre Colexio da Avogacía de Vigo, na paxina web, e comunicarao aos membros por correo electrónico.

ARTIGO 31.- DESENROLO DESENVOLVEMENTO DA VOTACIÓN

Para a celebración das eleccións constituirase a Mesa electoral.

A mesa electoral estará formada polo Presidente/a da Agrupación, auxiliado por dous membros da Xunta Coordinadora que non sexan candidatos.

En caso de ser candidatos tres ou máis membros da Xunta Coordinadora, esta, con antelación suficiente, elixirá os membros necesarios do censo de membros da Agrupación, comunicándollo por correo electrónico.

Constituída a Mesa electoral, o/a Presidente/a indicará o comezo da votación, introducirá na urna os sobres cos votos por correo, e a continuación procederá a votación presencial.

Á hora prevista para a finalización das eleccións cerraranse as portas e só poderán votar os membros que xa estiveran na sala. Os membros da Mesa votarán en último lugar.

A votación disporá para o seu desenvolvemento dunha duración mínima de catro horas e máximo de seis, salvo que a Asemblea Xeral sinale un prazo maior.

ARTIGO 32.-VOTANTES.

Os votantes deberán acreditar á Mesa a súa personalidade, salvo que a esta lle conste. A Mesa comprobará a súa inclusión no censo electoral; o/a Presidente/a pronunciará en voz alta o nome e apelidos do votante, indicando que vota, tras a o cal o membro procederá a introdución do seu voto na urna.

ARTIGO 33.-ESCRUTINIO.

Rematada a votación procederase ó escrutinio, léndose en voz alta tódalas papeletas.

Serán declarados nulos os votos que conteñan expresións alleas ó estrito contido da votación e os que conteñan rachaduras ou raspaduras.

Serán parcialmente nulos, en canto ó cargo a que afectaren, as papeletas que indiquen máis dun candidato para un mesmo cargo, ou nomes de persoas que non concorran a elección. Estas papeletas serán válidas respecto do resto de candidatos e cargos.

Aquelhas papeletas que estean parcialmente cubertas en canto ó número de candidatos, pero que reúnan os requisitos exixidos para a súa validez, o serán para os cargos e persoas correctamente expresados.

Finalizado o escrutinio, o/a Presidente/a anunciará o resultado, proclamándose seguidamente electos ós candidatos que obtivesen para cada cargo o maior número de votos. En caso de empate en un ou máis cargos deberá realizarse unha nova elección no prazo dun mes na que participarán exclusivamente os dous candidatos con maior número de votos. Realizado o novo proceso electoral, de persistir o empate, resolverase por azar, mediante o lanzamento dunha moeda ó aire, a cara ou cruz.

ARTIGO 34.-TOMA DE POSESIÓN.

Os candidatos proclamados electos tomarán posesión dos seus cargos na primeira Asemblea Xeral do ano.

No prazo de cinco días dende a constitución da Xunta Coordinadora deberá comunicarse esta circunstancia ó Ilustre Colexio da Avogacía de Vigo.

TÍTULO V.- DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 35.- FINANCIACIÓN

A Agrupación, para cubrir as súas necesidades de funcionamento contará cos recursos económicos destine a tal fin ó Ilustre Colexio da Avogacía de Vigo, así como calquera outra de distinta procedencia.

ARTIGO 36.- MODIFICACIÓN ESTATUTARIA

A Asemblea Xeral será a única competente para modificar en calquera sentido os presentes estatutos, requiriéndose un quórum de asistencia mínimo do 50% dos membros, adoptándose o acordo polos 2/3 dos asistentes.

No caso de que non se reúna o quórum mencionado, o tema deberá ser tratado na próxima Asemblea que poderá adoptar o acordo por maioria simple e sen esixencia de quórum especial de asistencia.

ARTIGO 37.- FACULTADE REGULAMENTARIA

A Xunta Coordinadora poderá regulamentar as cuestións contidas nos estatutos que se crean convenientes, debendo dar conta á Asemblea Xeral seguinte para a súa ratificación.

ARTIGO 38.- REMISIÓN NORMATIVA

Con carácter supletorio ou orientativo destes estatutos acudirase á Lei de Colexios Profesionais, ós Estatutos do Consello Xeral da Avogacía e ós do Ilustre Colexio da Avogacía de Vigo.

En Vigo a 26 de decembro de 2022